

1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).  
Esta composición está baseada na realizada por Paula Méndez Chacón.

Os seguintes documentos permítennos realizar unha composición de texto histórico sobre a crise da monarquía absoluta (1808-1814).

A raíz da derrota da Armada hispanofrancesa na Batalla de Trafalgar (1805), a mans do Almirante británico Nelson, Napoleón Bonaparte ve frustrados os seus plans de invasión a Inglaterra. Napoleón desenvolveu a tese do Bloqueo continental para colapsar a economía inglesa pechando o comercio a Reino Unido forzando así unha rebelión favorable os seus intereses. Portugal negouse a acatar o bloqueo o que propiciará a invasión de Napoleón.

Godoy, valido de Carlos IV, asina o Tratado de Fontainebleau en 1807. O goberno español autorizou así o paso das tropas francesas, acordando o mutuo reparto de Portugal e a creación dun reino dos Algarves para Godoy, que aspiraba a ter máis poder.

O aumento de poder por parte de Godoy e a súa influencia sobre os reis fixo que Fernando, o fillo do rei, temeroso de perder as súas posibilidades de reinar, crease un grupo opositor na Corte formado na súa maior parte por aristócratas. Este partido fernandino tentou desprestixiar o valido e os reis e atentou contra el. A posibilidade do reinado de Godoy no Algarve acelerou os plans subversivos de Fernando, que foron descubertos e abortados en outubro do 1807 no proceso denominado do Escorial.

A comezos do 1808 a entrada das tropas francesas causou un gran malestar popular xa que o desplazamento e asentamento dun exército tan grande causaba situacións parecidas as dunha ocupación militar inimiga. Godoy que sospeitaba os plans de Napoleón para facerse con España propúxolle a Carlos IV que se retirase a América coma os reis portugueses, pero non lle fixo caso e trasladáronse a Aranjuez, de xeito que medraron os temores do pobo e os fernandinos continuaron coas súas labores de desprestixio.

O 17 de marzo de 1808 prodúcese o Motín de Aranjuez, obrigando a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando que é nomeado rei de España. Carlos IV pide axuda a Napoleón, que consciente da decadencia da monarquía española, reúne a familia real en Baiona e obriga a Fernando a devolverlle a coroa ao seu pai, quen á súa vez lle cede os seus dereitos a Napoleón, que nomea ao seu irmán Xosé, rei de Nápoles, como rei de España e compensa economicamente aos antigos reis que contan con privilexios en Francia. Este proceso é coñecido coma as Abdicacións de Baiona.

Xosé Bonaparte autolimitase no exercicio dos seus poderes a través dunha Carta Outorgada denominada a Constitución de Baiona de 1808. Era unha Constitución conservadora que establecía unha monarquía na que o rei seguía sendo o centro de todo o sistema, pero cunha certa separación e limitación de poderes. Suprimiu os dereitos señoriais, reduciu as ordes relixiosas masculinas así como eliminou a Santa Inquisición. Tratou de potenciar a liberdade económica mediante a eliminación das aduanas interiores e aranceis. Fomentou a creación de escolas e a centralización da administración. Estas medidas, principalmente a extinción dos privilexios señoriais, supuxeron a abolición das estruturas do Antigo Réxime quitándolle poder á Igrexa e á nobreza, os seus oponentes, e gañándose a simpatía da burguesía. Xosé I tentou gobernar España con intencións de cambio e renovación, pero atopouse cun país en guerra e cos intentos de Napoleón de anexionalo, ademais da oposición das masas populares, manipuladas pola nobreza e o clero, que o alcumaron Pepe Botella e rei Pepino.

1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).  
Esta composición está baseada na realizada por Paula Méndez Chacón.

No 1808, o traslado da familia real a Francia provocou un gran malestar en Madrid. O Dous de Maio, os madrileños amotináronse contra os franceses e foron duramente sometidos, o que provocou a sublevación en toda España. Detrás da revolta, están os intereses da nobreza e clero, que pretendían evitar a fin do Antigo réxime. Estes eventos están inmortalizados por Goya. Esta insurrección popular marcou o comezo dunha dura guerra de independencia contra os franceses. A superioridade militar francesa obrigou aos españois a adoptar a guerra de guerrillas para defenderse, que se baseaba na formación de pequenas partidas de homes que coñecían o terreo e atacaban sen prestar nunca batalla frontal. Destacan algúns xefes das guerrillas como Xoán Martín Díaz o Empecinado. Nesta guerra de Independencia interviu tamén o exército inglés, para defender Portugal e expulsar aos franceses. Destaca a batalla de Bailén, primeira vitoria española e primeira derrota en terra das tropas napoleónicas da Historia, onde o exército francés de Andalucía foi derrotado polo xeneral Castaños. E as decisivas vitorias do Duque de Wellington en Arapiles e Vitoria.

A sociedade española dividiuse en dous bandos, os fernandinos, que defendían o dereito de Fernando a ser o monarca, e os afrancesados, principalmente burgueses, que apoiaban aos franceses. Os fernandinos crearon Xuntas territoriais para xestionar a súa oposición e en 1810 reuníronse en Cádiz. Estableceron unha assemblea constituínte que aprobaría en 1812 a Constitución de Cádiz. Esta seguía os principios liberais.

En 1813, Napoleón centra os seus esforzos na invasión de Rusia, polo que retira tropas da fronte española. Isto causa sucesivas derrotas francesas, e finalmente en 1814 asínase o Tratado de Valençai, polo que Xosé abdica e Fernando VII recupera o trono. Trala súa derrota, Napoleón é recluído na illa de Elba e tras outro intento de gobernar, é recluído na illa de Santa Helena onde falece. As principais potencias europeas celebran o Congreso de Viena, co fin de restablecer o estatus quo. Créase a Santa Alianza, unha unión das potencias absolutistas que xuran defender este modelo fronte ó liberal.

Cando en 1814 Fernando chega a España, faino coa idea de asinar a Constitución do 12 e convertirse en monarca constitucional. Pero un grupo de deputados madrileños preséntanlle o Manifesto dos Persas, no que se declaraba a vontade do pobo de establecer unha monarquía absolutista. Fernando asina este documento e decreta nula a Constitución. A volta ao absolutismo é aceptada polo pobo, que vía o liberalismo como unha agresión á relixión.

En Galicia, a oposición popular e o illamento con respecto do resto dos exércitos fixeron que os franceses abandonaran rapidamente Galicia, converténdose no primeiro territorio liberado do dominio francés. Cómpre destacar as batallas de Ponte Sampaio e Elviña.

A modo de conclusión cabería destacar que a crise da monarquía absoluta en España está en relación cun proceso común en toda Europa causado pola expansión das ideas liberais francesas traídas pola invasión napoleónica.